Concello de Lugo



**DECRETO**

**EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DAS CERTIFICACIÓNS CORRESPONDENTES Á OBRA "TERMINACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN VARIAS RÚAS DO BARRIO DE *GRUPO LA PAZ* "**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 23-2024, por un importe total de 138.623,49 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas das certificacións correspondentes á obra *Terminación das obras de renovación das redes de abastecemento e saneamento en varias rúas do barrio do Grupo La Paz.*

*Empresa adxudicataria: Isidro Hnos Blanco Trigo SL (CIF B27186774)*

*Prezo de adxudicación:*
*Prezo sen IVE: 499.075,00 €*
*IVE (21%): 104.805,75 €*
*Prezo total IVE engadido: 603.880,76 €*
*Con cargo á aplicación orzamentaria 16100.61900 AREM 18208 CP 22XX00048*

*O prazo de execución das obras era de 6 meses, se ben durante o transcurso das mesmas aprobáronse dúas ampliacións do mesmo (Decreto n°10663/2023 e Decreto n°2150/2024), de xeito que as obras remataron o 28.03.2024.*

*Na data actual as obras están rematadas e recibidas, estando pendentes de abonar as seguintes certificacións:*

| Certificación | Data | Importe |
|---|---|---|
| Certificación nº7 | 29-12-2023 | 30.809,66 € |
| Certificación nº8 | 31-1-2024 | 69.863,81 € |
| Certificación nº9 | 29-2-2024 | 120.871,38 € |
| Certificación nº10 | 27-3-2024 | 88.449,80 € |
| Liquidación | 19-4-2024 | 58.628,84 € |
| | **Total importe pendente** | **368.623,49 €** |

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 967/2024, do 27.06.2024 así como o RCMOD núm.: RC Ref.: 42525/2024 por importe de 138.623,49 € do 26.06.2024.



MURALLA patrimonio da humanidade

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 01/07/2024)
Decreto Nº: 6286/2024 - Fecha de firma: 01/07/2024
Versión imprimible
Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-07-01 09:59:45.00)
CVD: J84g0CKhb+QEXi7svDh7
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 6286/2024

Sendo preciso abonar o importe correspondente ás facturas das sinaladas certificacións de obra, e tendo en conta que a cuantía da partida orzamentaria 16100.61900 do vixente orzamento é insuficiente para dar cobertura a estas obrigas, SOLICITOUSE do Servizo de Intervención a tramitación do correspondente expediente de transferencia de crédito para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas das certificacións correspondentes á obra "Terminación das obras de renovación das redes de abastecemento e saneamento en varias rúas do barrio do Grupo La Paz" Exp. Ref. 2022-C002-000028 polo importe de 368.623,49 €, segundo o reflectido a continuación:

| ***APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO*** | ***C.P.*** | ***IMPORTE €*** | ***APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO*** | ***C.P*** | ***IMPORTE €*** |
|---|---|---|---|---|---|
| *16000.60900* | *24XX00016* | *138.623,49 €* | *16100.61900* | *24XX00017* | *138.623,49 €* |
| ***TOTAL CRÉDITO CEDIDO*** | | *138.623,49 €* | ***TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO*** | | *138.623,49 €* |

Advertiuse xa pola intervención municipal da excepcionalidade que deberían ter estas modificacións de crédito no exercicio, pero, neste caso, débese considerar que se trata de aplicacións do capítulo 6 de gastos de investimento en ambos casos, financiadas con recursos alleos vía préstamo, e unha vez se detraiga da aplicación que cede crédito non poderá esta volver a incrementarse vía transferencias de crédito, polo que implica a renuncia a unha determinada actuación que non ía ser posible temporalmente executar no exercicio para empregar o crédito pendente para outra xa rematada que non puido ser incorporada do exercicio anterior, polo que se entende viable a modificación proposta.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demáis normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 138.623,49 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

| ***APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO*** | ***C.P.*** | ***IMPORTE €*** | ***APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO*** | ***C.P*** | ***IMPORTE €*** |
|---|---|---|---|---|---|
| *16000.60900* | *24XX0001* | *138.623,49 €* | *16100.61900* | *24XX00017* | *138.623,49 €* |



FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 01/07/2024)
Decreto Nº: 6286/2024 - Fecha de firma: 01/07/2024
Versión imprimible

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | *6* | | | | |
| ***TOTAL CRÉDITO CEDIDO*** | | *138.623,49 €* | ***TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO*** | | *138.623,49 €* |

**SEGUNDO:** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.

FIRMADO POR ***539***-Mercedes Paula Alvarellos Fondo (FECHA: 01/07/2024)
Decreto Nº: 6286/2024 - Fecha de firma: 01/07/2024
Versión imprimible



MURALLA
patrimonio da humanidade